



PLAN DE MOBILIDADE “ACENDIDO DA ILUMINACIÓN DE NADAL”

Venres 24 de novembro de 2023

Con motivo do acto do “ACENDIDO DA ILUMINACIÓN DE NADAL” e ante a previsión de gran afluencia de público o Concello conta cun Plan de Autoprotección que garante a seguridade no desenvolvemento do evento. Así, adoptaranse as seguintes medidas en materia de tráfico e seguridade para o venres 24 de novembro de 2023:

HORARIOS

Ás 20:00, cando comeza o acto do acendido da iluminación do Nadal, prográmase un corte da tráfico conxunto ás 17:00 horas dende as rúas Cánovas del Castillo, Areal, Policarpo Sanz, García Barbón, República Arxentina, Colón e Urzáiz ata Gran Vía e as rúas adxacentes con hora estimada de finalización ás 23:00 horas.

Plano do recinto do acendido

<https://drive.google.com/file/d/1n3qx4eXe4uiSRzSplZOBasDsj65ZZ0iU/view?usp=sharing>

Plano de accesos ao recinto do acendido

<https://drive.google.com/file/d/1n7SX58eOzILTU869a5Zk7AiXc6XOaxyS/view?usp=sharing>

Plano medios de autoprotección acendido

https://drive.google.com/file/d/1Qv8X74Yj8jFqXGm_UNVpbLy8Y5i-2D6r/view

Plano de evacuación do acendido

<https://drive.google.com/file/d/1nFNN2-P0l2zV-1bhm5UtljMqRnZRyoAh/view?usp=sharing>

Plano xeral de elementos decorativos e atraccións de Nadal (zona centro)

https://drive.google.com/file/d/1rI9tvGRfVWcWHM6ySi0kcPwMx_ue3kw4/view?usp=sharing

RECOMENDACIÓNS DE SEGURIDADE:

- ✓ O recinto do acto comprende a Porta do Sol, Praza da Princesa, rúa Elduayen ata Sombriereiros, Policarpo Sanz ata a rúa Darío Álvarez Blázquez e rúa Príncipe ata López de Neira. O aforo está limitado a 8.000 persoas e haberá control de aforo nos seus accesos.
- ✓ Existen pantalla de emisión en directo do evento situadas na rúa Policarpo Sanz diante da boca do túnel.
- ✓ Eviten o uso do vehículo privado. Ás rúas cortadas ao tráfico non se poderá acceder dende as horas establecidas, polo que cumpriría que acudan ás súas proximidades preferiblemente **a pé ou en transporte público**.
- ✓ En xeral recoméndase a circulación peonil pola beirarrúa dereita no sentido da marcha.
- ✓ Non accedan, por **seguridade**, á zona de maior afluencia de público con **carros de nenos, bicicletas, VMP e mascotas**.
- ✓ As persoas residentes na zona afectada polos cortes de tráfico deberán evitar o uso do vehículo particular nas horas do evento.
- ✓ **Atendan as instrucións** da Policía Local, Protección Civil, Bombeiros e persoal de seguridade da organización.
- ✓ Haberá espazos (limitados) para persoas con mobilidade reducida e un acompañante na contorna da árbore, con acceso exclusivo pola rúa Doutor Cadaval.

RESTRICIÓN

Nas rúas afectadas polo desenvolvemento do acto de acendido queda prohibido:

- ✓ A venda ambulante
- ✓ O estacionamento de motos
- ✓ A montaxe de terrazas nas rúas Policarpo Sanz, Colón, Porta do Sol, Praza da Princesa, García Barbón entre Colón e República Arxentina, Príncipe, Velázquez Moreno, Reconquista e Urzáiz entre Colón e República Arxentina dende as 15:30 horas. Deberase retirar da vía pública todo o mobiliario.
- ✓ **Cortarase o tráfico** nas seguintes rúas dende as **17:00h** do venres 24 de novembro ata finalizado o evento:
 - Dr. Cadaval desde a rúa López de Neira
 - Reconquista entre Marqués de Valadares e Policarpo Sanz
 - Policarpo Sanz
 - García Barbón entre Colón e República Arxentina
 - Colón
 - Urzáiz entre Colón e Lepanto (excepto bus urbano descendente)
 - Gran Vía ascendente dende Urzáiz ata María Berdiales (excepto bus urbano ascendente)
 - Rúa Urzáiz descendente entre Vázquez Varela e Lepanto (excepto bus urbano descendente)
 - Acceso desde Cánovas del Castillo cara ao centro
 - Areal entre Pontevedra e República Arxentina

DESVIOS DE TRÁFICO

- ✓ Os vehículos que circulen polas rúas Sanjurjo Badía, García Barbón e Areal recoméndaselles usar os túneles de Areal-Beiramar.
- ✓ Recoméndase circular pola Avenida de Beiramar para os que leven destino Teis e polas rúas da Coruña-Gran Vía para os que vaian en dirección Travesía de Vigo.
- ✓ Aos vehículos procedentes da Autoestrada AP9 recoméndaselles a saída pola rúa de Isaac Peral ou pola de Buenos Aires.
- ✓ Os vehículos que procedan do Calvario pola rúa Urzáiz serán desviados no cruzamento coas rúas Vázquez Varela por esta vía
- ✓ Recoméndase a utilización da circunvalación de Arquitecto Palacios.
- ✓ Ao vehículos que procedan da Praza de España con destino á zona de Beiramar aconséllase o uso da alternativa Gran Vía, Praza de América e rúa Coruña
- ✓ Aos vehículos que procedan da Praza de España con dirección ás rúas Alfonso XIII e García Barbón recoméndase desviarse pola rúa Pizarro.
- ✓ Os vehículos que circulen pola rúas Rosalía de Castro ou García Barbón cara ao centro desviaránse pola rúa República Arxentina cara a rúa de Areal en dirección os túneles.

POSTOS DE EMERXENCIA E ATENCIÓN CIDADÁ

Punto de encontro de nenos e obxectos perdidos no evento: establecerase na rúa de Elduayen coa rúa Abeleira Menéndez. No caso de perdas de nenos/as, cómpre dirixirse aos voluntarios/as de Protección Civil, Cruz Vermella, á organización e á Policía Local.

Centro de coordinación do evento: situado na Casa Galega da Cultura, Porta do Sol

Ambulancias do evento: Elduayen, Reconquista, Praza Doutor Cadaval, Colón no tramo entre García Barbón e Rosalía de Castro e Ronda de don Bosco xunto ao Museo Marco.

- ✓ **Hospital de campaña:** na praza Doutor Cadaval
- ✓ **Posto de socorro:** rúa Elduayen con Abeleira Menéndez

SERVIZO DE AUTOBÚS URBANO

Dado o establecemento dun perímetro de acceso restrinxido ao tráfico, modifícanse as paradas de bus urbano para prestar servizo próximo aos lugares do evento:

-De Cánovas del Castillo a Urzáiz por Marqués de Valadares-Colón:

- Paradas operativas máis próximas: Cánovas del Castillo 28, Marqués de Valadares, Urzáiz, Príncipe

- Paradas anuladas: Cánovas Castillo 28, Reconquista 2, Policarpo Sanz 26 e 40, Colón 26, Urzáiz-Príncipe, Urzáiz 28, García Barbón 18 e 28
- De Urzáiz a Praza Euxenio Fabrique por República Arxentina, Areal e túnel de Beiramar:
- Paradas operativas máis próximas: República Arxentina e Gaiteiro Ricardo Portela
 - Paradas anuladas: Colón 27, García Barbón 7, Areal, Policarpo Sanz 25, Praza Compostela, Cánovas del Castillo.

ACCESO A GARAXES E APARCAMENTOS DESDE AS RÚAS CORTADAS AO TRÁFICO:

Permitirase o acceso dende as rúas indicadas ata as 18:00 horas

-Rúa Policarpo Sanz: o tramo entre as rúas de Reconquista e de Velázquez Moreno por Reconquista. O tramo entre as rúas de Colón e Velázquez Moreno por Velázquez Moreno ascendente desde Marqués de Valadares

-Rúa Velázquez Moreno: no tramo entre as rúas de Marqués de Valadares e Príncipe o acceso e saída ao garaxe será dende a rúa de Marqués de Valadares.

-Rúa Colón: no tramo entre as rúas Areal e Policarpo Sanz o acceso será dende Marqués de Valadares ou Rosalía de Castro. No tramo entre Policarpo Sanz e Uruguay o acceso será dende García Barbón

-Rúa Urzáiz entre Uruguay e Magallanes e Uruguay, Gravina, Churruca, Cervantes, Roxelio Abalde: por García Barbón e Colón.

-Rúa Hernán Cortés entre Urzáiz e María Berdiales: dende María Berdiales.

En todo caso, ante unha situación de necesidade excepcional accederase a unha velocidade máxima de **10 Km/hora**.

A saída non estará habilitada ata as 22:00 horas.

Solicítase a máxima colaboración cidadá.

MMC

VIGO, novembro de 2023

Á marxe, data e sinatura electrónica